

A fin do exilio interior de Nacho Taibo

Daniel Salgado | 16 de Marzo de 2018



O escritor Nacho Taibo fala sobre 'Os tres de nunca' no programa 'ZigZag' da TVG.

“Para concluir, como creador son un perfecto fracasado”. Con esta crueza percibíase, en 2001, o escritor **Xosé Ignacio Taibo**. Nun texto autobiográfico publicado na páxina web da **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)**, Taibo lamentaba o “activo rexeitamento” que

suscitaba na crítica a súa obra serodia. A concesión, pola mesma AELG, da distinción **Escritor na súa Terra** vén reparar, sequera parcialmente, este relato.

A escrita de Taibo -nado en 1949 en Madrid- circulou sempre por vías alternativas. Os aires *borgianos* e de anticipación posmoderna de *Homes de ningures* (1977), a reivindicación da narrativa de aventuras en *Informe bestiaro* (1990) ou a experimentación coa novela histórica da *Ponliña irlandesa* (1997) ou *Salvador de Occidente* (2000) foron mostras do seu continuo internamento en territorios por conquistar.

“Nos libros de texto non pinto nada, e amais é imposible establecer correntes a partir da Nova Narrativa”, respondía a **Óscar Iglesias** de *El País* en 2009 sobre a localización historiográfica do seu labor, “diría que non hai perspectiva histórica, pero tampouco é explicación”. Se hai trazos efectivamente comúns coa promoción de autoras comandada por **Ferrín, Queizán** ou **Mourullo**, non teñen a ver coa reavaliación do *Nouveau Roman*, inexistente nos libros de Taibo. Si, talvez, con certas relacións e unha visión política: o pintor **Reimundo Patiño**, “pintor de extrema avangarda deliberada e comunista nacionalista”, foi unha amizade determinante.

Mais aquela luz que emitían os seus pasos iniciais -*O fotógrafo* (1977), *Calendario de brétemas mañanceiras na miña praia atlántica* (1981) ou *A semancia* (1981)- esmoreceu ao tempo que certa normalización reducía as potencias da literatura á procura de mercados e status social. “Despois de certo bum entre 1975 e 1980, porque non había moito máis, cando nos normalizamos, a miña obra simplemente foi marxinada”, chegou a declarar.

Retorno: 'Os tres de nunca'

“Non estamos, porén, diante dun exercicio de perspectivismo inane nin dun colado pouco orgánico de fragmentos soltos, porque Taibo é ben consciente do que fai”, escribía a tamén novelista e crítica **Eva Moreda** a respecto do último traballo de Taibo, *Os tres de nunca* (2017). Literatura de longo alento sobre tres amigos sobrepassados pola historia -a Guerra Civil-, *Os tres de nunca*, engade Moreda na súa recensión para Biosbardia, “non pareceu ter cando se publicou vai aló un ano a acollida que merecía”.

E porén, as súas colegas escritoras parecen decididas a reconfortar aquela sensación de desamparo literario que Nacho Taibo sinalaba no seu auto exame de 2001. A viséximo cuarta edición do Escritor na súa Terra concédelle a letra E e unha homenaxe que se celebrará en xuño onde pasou boa parte da súa infancia: Oleiros.

Podes ver este artigo na próxima dirección